

## OS IRMÁNS GARCÍA DE NODAL E A TIERRA DEL FUEGO

En 1520 as naves mandadas por Magallanes entran no océano que denominarían Pacífico pola tranquilidade en que acharon naquel intre as súas augas. Investiran trinta días na exploración do complicado estreito que unía o Atlántico con este inmenso océano. As terras que quedaban ao sur, e que denominaron *Tierra del Fuego* por ver de noite moitas fogueiras nesa dirección, críase que pertencían a un mítico e suposto continente Austral que debía ser dunha grande extensión para compensar o feito de que no hemisferio Norte houbera moitas máis terras emerxidas que no Sur. Habería que esperar case un século ata que se descubriera un novo paso entre océanos.

Isto tivo lugar en xaneiro de 1616 cando os mariños holandeses Willem Schouten e Jacob Le Maire, que fundaran a Compañía Austral, buscan unha ruta distinta á do Estreito de Magallanes, pois ao non pertencer á Compañía das Indias Orientais non estaban autorizados polo seu país para navegar polas súas augas. Na súa singradura polo sur do célebre estreito, cun tempo adverso a pesar de ser verán no hemisferio sur, van poñendo nomes aos accidentes xeográficos descubertos e en especial a un deles: un cabo rochoso onde o mar batía con grande bravura. Denominárono cabo de *Hoorn*, en homenaxe ao porto holandés do que partiran e á nave da expedición que ardera cando a estaban a reparar.



Ante esta descuberta, decidiuse en España preparar unha expedición que explorase aquela nova vía (estreito de *Le Maire*, cabo de *Hoorn*), pois podería ser apropiada para o comercio con Chile, Perú e Filipinas. O paso polo estreito de *Magallanes* era moi problemático, polo que se abandonara a partir da viaxe de García Jofre de Loáisía, zarpando os barcos españois, que dende aquela navegaron polo

Pacífico, da costa occidental de América. A rota acabada de achar abría novas posibilidades.

Para o mando da expedición foron designados os irmáns Nodales, que tamén dirixirían a construción en Lisboa das dúas carabelas que se ían utilizar. Eran de 80 toneladas e levaban unha dotación de 40 homes. A *Nuestra Señora del Buen Suceso*, mandada por Bartolomé, ía de capitana, e a *Nuestra Señora de Atocha*, a cargo de Gonzalo, era a almiranta. Diego Ramírez de Arellano, piloto maior e cosmógrafo da Casa de Contratación de Sevilla, tería como misión as observacións astronómicas e os levantamentos cartográficos. Os demais tripulantes eran case todos portugueses. Nesta época Portugal e España estaban baixo o mesmo monarca. Era naquel intre rei Felipe III. Como a navegación ía ser moi perigosa, os mariñeiros cobraron dez pagas por adiantado.

Partiron as naves de Lisboa o 27 de setembro. Ao chegar a Río de Xaneiro, a onde deberon arribar pola rotura do pau maior da carabela de Gonzalo, houbo unha tentativa de rebelión dalgúns mariñeiros que foron substituídos por voluntarios residentes en Brasil. O día 16 de xaneiro fondeaban nas inmediacións do *cabo de las Virgenes*, porta do paso magallánico. Dende alí, cara o sur, írían recoñecendo as descubertas holandesas. Chegaron ao cabo que denominaron de *San Vicente* e, outro ao que lle puxeron *San Diego*. Era o comezo do estreito de *Le Maire*, ao que eles chamarían de *San Vicente*. Dixeron del que tiña dúas veces o ancho do de Xibraltar. Navegar por aquelas augas era dificultoso pola forza das correntes. Unha vez superado o estreito acharon un cabo ao que denominaron del *Buen Suceso*, na honra dunha das carabelas. Na praia que había alí collerían auga e tomarían contacto cos nativos que se acercaron de forma amigable aínda que temerosos, polo que eles evitaron producirles ningún dano.

Detalle da  
carta de Pedro  
Teixeira  
reimpresa no  
s. XVIII onde  
veñen os  
nomes postos  
na viaxe dos  
Irmáns  
Nodales e as  
illas de Diego  
Ramírez  
descubertas  
en dita  
expedición.



Proseguida a navegación, alcanzaron o cabo *Hoorn* (cabo de *Hornos*, chamaríanlle finalmente en España), ao que eles lle puxeron o nome de *San Ildefonso*. A uns cen km ao suroeste descubriron unha illa (en realidade un archipiélago), **que está nordeste y sudueste con el cabo de San Ildefonso**, á que non chegaran os holandeses. Daríanlle o nome de illa de *Diego Ramírez*, na honra do cosmógrafo e piloto maior. Logo dirixíronse polo Pacífico cara o norte para recalar, finalmente, na illa de *la Desolación* chegando ao *Cabo Deseado*, a porta occidental do estreito. Navegarían por el de oeste a leste enfrontándose ás fortes correntes e aos seus pasos perigosos.

Nove meses e medio despois da súa partida as naves estaban de regreso, non sen antes facer fuxir a uns piratas franceses que as atacaran achegándose a eles con bandeiras españolas. Á súa arribada a Sanlúcar de Barrameda non perderan ningún tripulante.

Os holandeses demostraran que a *Tierra del Fuego* non formaba parte do grande continente austral como ata daquela se supoñía. Os irmáns Nodal eran os primeiros en rodeala, pero aínda habería que esperar algo máis de século e medio ata que James Cook demostrase definitivamente que tal continente austral non existía, salvo que estivera dentro do círculo polar e en tal caso tería unhas dimensións moi reducidas con respecto ao que se pensaba.

En 1621, só dous anos despois do seu regreso, publicouse en Madrid a *Relación* da viaxe dos irmáns García de Nodal. Ao contrario do que sucedeu en Inglaterra, os diarios das singraduras dos navegantes españois non foron publicados. Tratábase deste modo de evitar que as descubertas por eles realizadas fosen coñecidas noutros países. A publicación deste diario é un caso moi pouco frecuente en España.

*Portada da edición de 1621 da viaxe de Bartolomé e Gonzalo García de Nodal á Tierra del Fuego.*

*Nela aparecen representados os Irmáns Nodal e as dúas carabelas da expedición. Trátase de embarcacións de catro paus e bauprés. No trinquete levaban velas redondas e no maior, mesana e contramesana velas latinas.*


*Os retratos dos irmáns Nodales que se expoñen no Museo están baseados nos gravados que aparecen nesta imaxe.*



No último terzo do s. XVIII fíxose unha reimpresión, da que na Biblioteca do Museo de Pontevedra hai dous exemplares que poden consultar as persoas interesadas.

A *Relación*, aínda que ás veces é moi árida, dando só referencias náuticas en canto a rumbos, dirección do vento, profundidade do mar, altura do sol ao mediodía e puntos da costa, ten partes máis atractivas referentes a un intento de motín en Río de Xaneiro sufocado con éxito antes de comezar, aos arranxos que han de facer nas carabelas para adaptalas á navegación por aqueles mares, ao contacto cos nativos, ao marisqueo que efectúan co fin de abastecerse para a coesma preparando o produto en escabeche, á caza de leóns mariños e pingüíns (“paxaros de la mar”, “pingoinos”), ás descrições e denominacións daquela costa que xulgan, en ocasións, parecida á de Galicia e por iso lle poñen nomes de lugares da ría de Pontevedra (cabo Udra, por exemplo) ou doutras rías galegas, e ao asalto dos piratas que padecen no Atlántico cando regresan facéndoos fuxir.

*Da edición do s. XVIII hai na Biblioteca do Museo de Pontevedra dous exemplares.*



Un dos momentos de maior interese é a entrada no estreito que a expedición holandesa denominaría, con toda xustiza, de *Le Maire* e os mariños pontevedreses de *San Vicente*. Alí atoparían unha badía que chamaron *del Buen Suceso* cunha praia chea de sardiña que segundo eles é como a de España, moi gorda e moi boa, “que los

**perros y leones marinos hicieron dar en tierra”**. Ademais de pescar moita sardiña, aprovisiónanse de auga e leña e toman contacto cos nativos que se acercan a eles con curiosidade e ao mesmo tempo temor. A modo de exemplo figura a continuación esta pasaxe tal como aparece na *Relación* mencionada a partir do mércores 23 de xaneiro:

**Miercoles 23 de Enero al amanecer, salimos à tierra en una Playa, que hay muy buena, y aunque la tierra es aspera, y muy fragosa de arboles muy espesa, llevamos las armas por lo que se podia ofrecer, bien descuydados de que en tierra tan aspera huviesse Gentio, y despues de haver desembarcado, muy contentos de hallar tan linda agua, y leña, y mucha Sardina por la Playa, que los Perros, y Leones Marinos hicieron dàr en tierra, que havia muchas en cantidad: unos à coger Sardina, y otros agua, y leña, entre tanto la gente se ocupaba en hacer esto, el Capitan Gonzalo de Nodál à la otra Punta de la Playa, á vèr otro Arroyo de agua dulce, que baxaba por aquella parte, donde à la Punta de ella baxaron ocho Indios: y assi como los vimos, nos retiramos à nuestra gente: tomamos las armas. A este tiempo vieron de los Navios los Indios, y el Capitan Bartholomé Garcia de Nodál, disparò una Pieza para que nos recogieramos: todavia los Indios se llegaron à nosotros, y como vimos, que no traian arma ningunas, y que venian en cueros, desnudos: algunos traían bonetes de plumas blancas de pajaros, y otros algunos pellejos de carneros, con lana larga, como los de España, y un pellejo de venado, que trocaron por un capote, y hilo de lana de carneros, y correas de cuero adobadas con almagre: viniendo abriendo los brazos, y dando voces à su modo, a, a, a, y arrojando los bonetes, que traían en señal de amistad, con esto nos llegámos à ellos, y de alli á un rato llegaron otros tres juntos: todos nos miraron muy de proposito los vestidos, y vimos, que se aficionaban à los que tenian ropillas coloradas, y pedían por señas. Dimosles cuentas de vidrio, agujeras, y otras niñerías. Eran muy apersonados, sin barbas ningunas, y pintados todos las caras de almagre, y blanco: parecian muy ligeros en correr, y saltar: no se fiaban mucho en nosotros, porque no se llegaban sino á tomar algo, y luego se desviaban, en particular los mas mozos.**

**(...)**

**Con esto nos embarcàmos con agua, y leña, aunque poca. Acabàmos de comer, y salimos otra vez á tierra, con pensamiento de vèr si podiamos coger algunos. Llevamos algunas niñerías, y dos frascos de vino, y pan, que les dimos, y ellos lo tomaron: pero por ningun caso han comido, ni han querido beber de lo que les dabàmos: que debian de entender, que les dabàmos alguna ponzoña. Tomaban de buena gana qualquier cosa de fierro, y otro qualquiera metal, hasta llevár los brocales de los frascos, que eran de plomo, y todo quanto podian haver. Aquí tratàmos como podiamos coger algunos, y consideràmos, que si entonces les escandalizabàmos, despues convocarian mas, y no tendríamos lugar para hacer agua, y**

leña, que era lo que mas nos importaba, porque para lo adelante, no sabiamos si tendríamos tan buena comodidad de Puerto, ni tan buena ocasion para poderla hacer. Al fin determinàmos de dexarlos por entonces, y assegurarlos con los dices que les dabàmos. Cogimos un poco de agua, y leña, y nos embarcàmos con orden: porque assi como ellos no se fiaban de nosotros, que se velaban como Aguilas, assi nosotros no nos fiabamos de ellos, muy espantados de vernos. Jamàs debieron de vèr gente por allí: ni se espantaban de los arcabuces, ni sabian que cosa era, porque havia algunos, que estaban con las cuerdas caladas para disparar, y no hacian movimiento alguno. Y porque no supiesen las armas que eran, se dió orden, que por ningun caso ninguno disparasse arcabúz, por no espantarlos, como se hizo. Con esto nos fuimos á bordo de las Carabelas, y se quedaron saltando con los brazos abiertos, dando muestras de placèr. Es de considerar que este Gentío dexaba por la Playa el pan blanco que les dimos, y en nuestra presencia arrancaban las yervas de el campo, y comian de ellas como bueyes, ò cavallos, y lo mismo hicieron comiendo Sardinias crudas, que hallaban por la Playa sin quitarles cosa alguna: cosa de salvajes.

Hasta aquí fuè Dios servido llegasemos con tan buen tiempo, que no pudo ser mejor: y en dando fondo luego aquella noche, se cubriò la tierra, y cargò el tiempo de manera que si no hallàmos este Puerto, sin duda nos obligàra à andar derrotados por aquella Mar incognita, sin poder llegar à tierra, para ir viendo la Costa, y para atravesar à la otra parte à descubrirla, y por las muchas corrientes, en el interin, que hizo este mal tiempo, que no nos dexò tomàr Sol para hacer lo que nos importaba, y assi tuvimos por cosa milagrosa, hallár este Puerto en tan buena coyuntura.

Jueves 24 y viernes 25 de Enero, yà traían los Indios arcos, y flechas, y como vimos traían armas, fuimos à acabar de hacer el agua à otra parte fuera de la Playa, y en la esquina de ella, que era puesto mas seguro, que no podian entrar con nosotros, sino por dos partes, que guarnecimos con postas, para que avisassen quando viniessen, donde baxaba un buen arroyo de agua de la Montaña, mas linda, y mas clara que la que cogiamos en el Rio de la Playa. Llegaron los Indios, que eran ciertos todos los dias: dexamosles entrar sin armas, que las dexaban escondidas. Aquí quisieràmos coger algunos; pero teniamos las Chalupas tan cargadas, y embarazadas de agua, y leña, que casi para llevár la gente, que teniamos en tierra no cabía: quando vimos, que uno ó dos se salieron, y llamaron otros que quedaban atràs con sus arcos y flechas, y como nosotros nos alborotàmos, se retiraron, y porque las postas no les querian dexar passar, empezaban a subir por los montes como cabras; de manera, que aunque quisieramos, no podiamos asir de ellos. En esta ocasion eran algunos de parecer, derribàr los que estaban sobre una peña grande, donde con las flechas nos podian hacer algun daño: acordòse, que pues ellos no empezaban, que no rompiessen con ellos, y les asegurassemos

para otro día. Embarcamònos con orden, y las chalupas cargadas de agua, y leña, que no podían bogar para bordo de los Navios.

El Sabado 26 de Enero, hizo mal tiempo, y mucha Mar, y no se pudo ir à tierra: y antes de medio dia passaron de una parte para la otra mas de 20 ó 30 Indios. Antes de medio dia se embarcó el Capitan Gonzalo de Nodal en la Chalupa, y fuè á descubrir la Punta, que remataba a la boca del Estrecho para la vanda del Súr, hasta que descubrió todo aquello, que se pudo alcanzàr à vèr, donde se vieron dos Farillones en otra punta para la parte del Súr, y de vuelta sondàmos toda la Bahìa, para 14 ò 15 brazas, y limpio, y en algunas partes burgallao. De los dos tercios por la parte del Norte, es buen fondo, el otro tercio para la parte del Súr, no es tan limpio, donde estaban los Navios, para dentro es todo limpio, que lo que sondàmos era en la boca de la Bahía, y junto à los Navios, que para dentro en 10 ò 12 brazas todo es limpio, y buen fondo.

Domingo 27 de Enero al amanecer, salimos à tierra con las armas, cogimos un poco de leña para la Capitana, que no tenia bastante, y unos barriles de agua, y con bonanza nos hicimos à la Vela: quedò calma. Fuè la corriente tan grande, que à poco mas de medio dia estabamos desembocados para la parte del Norte (...)

Cando o célebre Capitán Cook chegue a este mesmo lugar cento cincuenta anos despois e tome contacto cos nativos dirá deles que eran as xentes máis pobres e miserentas de todas as que achara nas súas viaxes.

Don Xosé Filgueira Valverde, director do Museo de Pontevedra durante moitos anos e home de múltiples saberes, especialmente interesado en investigar e difundir a historia de Pontevedra, dedicoulle atención aos mariños pontevedreses en varias publicacións, entre elas a elaborada con motivo cuarto centenario do nacemento de Gonzalo de Nodal. Leva por título *Los Nodales: capitanes de mar y descubridores*. Nela os lectores que o desexen atoparán interesantes datos e unha extensa bibliografía.

**José Manuel Castaño García**